

Andrea Barreira Freije: "A través de nenas que secuestran avoas reivindico o seu lugar"

A escritora da Fonsagrada, que vén de gañar o sétimo Agustín Fernández Paz cunha novela que fala de relacións interxeracionais e de "redes de apoio" cun enfoque "moi innovador", aínda está sorprendida por un galardón que ten unha carga sentimental especial para ela

[Cristina Arias](#)

26 de outubro de 2023

<https://www.elprogreso.es/articulo/a-chaira/andrea-barreira-freije-traves-nenas-que-secuestran-avoas-reinvindico-seu-lugar/202310261403461702699.html>

#EUNONTENOA VOAS foi o seu pseudónimo e a mellor carta de presentación de **Andrea Barreira Freije** (A Fonsagrada, 1986) para facerse co **VII Premio Agustín Fernández Paz** de narrativa infantil e xuvenil pola igualdade que convocan o lescha, o Concello de Vilalba e a Editorial Xerais. E fíxoo cunha novela á que o xurado lle augura un lugar importante na literatura en galego.

Como recibiu a noticia do premio? Foi unha sorpresa ou cría que había posibilidades?

Para min foi unha sorpresa, non o esperaba en absoluto. Sempre que mandas obras a un certame falo coa esperanza de gañar pero a xente premiada neste concurso é xente con moito recoñecemento e unha longa traxectoria. Ademais, como é un premio especializado en igualdade e podes falar de tantos temas diferentes non sabes se a túa temática vai encaixar ou non. A igualdade abrangue moitas cousas.

Sobre a obra gañadora, *Quen precisa unha avoa?*, o xurado destacou "o innovador enfoque sobre o idadismo". Como a presentaría?

O libro trata dunha nena, Marta, que non ten avoas. No cole ese ano van traballar todo o curso sobre a xente maior, a terceira idade, un termo que a ela non lle gusta nada porque non entende por que ten que haber primeira, segunda e terceira idade. E ela, que é boa estudante, empeza a ter malas notas. Así que decide empezar a secuestrar avoas coas súas compañeiras de clase. O libro vai diso, de nenas que secuestran avoas.

A idea innovadora é.

(Ri). O que intento é mostrar varias realidades de familias. Hai unha avoa encamada, outra que vive en casa coa familia, unha que ten alzhéimer, outra que vive nunha residencia, unha nun pobo e unha, dunha familia de inmigrantes, quedou en Brasil. Todas as crianzas non poden ter o

tempo que quixeran coas súas avoas. E cando empezan a secuestrar non sabes quen son peores, as avoas ou as nenas. O que quero reivindicar con este libro é que moitas veces nenas e avoas non poden facer cousas porque non contan, non contamos con elas, e forman parte da sociedade, teñen o seu lugar e temos que prestarlles a atención que merecen, a que necesitan.

O libro nace dunha relación especial coas avoas ou pola falta dela?

Pola falta. Á avoa paterna non a coñecín e a materna morreu cando tiña catro anos, case non teño recordos. De aí a perspectiva e o pseudónimo co que me presenteí. Tiña unha broma coas compañeiras de que estaban saíndo moitos libros sobre os avós e ríame porque eu non podería escribir algo así, porque non teño. E aí nace este. Empecei a escribilo hai moitos anos e termineino na pandemia.

É como a protagonista. Pensou algunha vez, non tanto en raptar, pero si en como sería ter avoas?

A necesidade de coñecer sempre a hai e pregunteille moito aos meus pais por elas para escribir este libro, incluso hai receitas delas. Ademais, os apelidos das avoas do libro son apelidos de avoas das miñas amigas. É un xesto e algo co que quero tamén mostrar que se ti non tes, ao teu redor sempre hai xente maior que te vai tratar como unha neta. Vai de redes de apoio.

Traballa en 7H Cooperativa Cultural en Santiago, nunha tenda, dá obradoiros de narrativa, colabora con diversas publicacións e escribe. O pluriemprego é a mostra de que vivir das letras é difícil?

Total (ri). Non diría que é algo imposible, porque hai xente que o fai, como Leticia Costas, que sempre lle digo que é como un faro para min, pero é algo moi puntual e moi difícil. E chegado a este punto tampouco creo que aspire a iso.

Como escritora, que significa gañar este premio?

É moi especial. Son da xeración que medrou lendo a Agustín Fernández Paz. Todas as obras da miña infancia xiraron en torno a el. E gañar un premio que leva o seu nome, que ademais é un referente da literatura xuvenil, é moi importante. Pero é todo especial. É un premio da provincia de Lugo, no que foron premiados compañeiros que tamén son referentes e que dá a oportunidade de publicar con Xerais.

Aparte da publicación e dun galardón de 3.000 euros, o premio conleva ser xurado o ano que vén. E unha gran responsabilidade?

Sempre o é. Ás miñas alumnas dos obradoiros de escrita sempre lles digo que escribir unha historia é moi complicado, porque non é só ter a idea. Escribir é traballoso, laborioso, é moi importante. Por iso hai que respectar moito o traballo da xente que manda obras a concursos e non o digo porque eu presentase traballos. Hai moito tempo investido, moito esforzo e moita ilusión. Pero hai tanta responsabilidade nun xurado como o Agustín Fernández Paz como nun premio infantil. Estou no da biblioteca de Pazos de Borbén. E é o mesmo. Aí volvo, ás veces pensamos que por ser pequenos non son importantes e as veces esixímoslles cousas que nós como adultos non somos capaces de facer.

Xa publicou varios libros. Hai novos proxectos en mente? Está traballando nalgún agora?

Proxectos sempre hai. Sempre estou escribindo cousiñas aínda que non sabes onde vas chegar. Escribir é unha forma de desconectar e estar noutros sitios que non son a realidade do día a día.

E que é máis complicado, escribir ou ensinar a escribir a outros?

É totalmente distinto. Non sabería dicir. Os obradoiros de narrativa que imparto como autónoma son para todas as idades.

E desa ampla obra de Agustín Fernández Paz, se tivese que escoller unha, con cal se quedaría?

Hai moito que non a leo, pero sempre recordo moito *Rapazas*, unha obra de relatos pequenos que na adolescencia lía bastante.